

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº37/ Ano: 2021 / 2º xornal Mes de setembro / Estado de tranquilidde

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



## MOVEMENTO DE BARCOS, LANCHAS E HELICÓPTERO DO SERVIZO DE VIXILANCIA ADUANEIRA EN ONS

Cando nos achegabamos a Ons o día 10 de setembro, vimos un enorme movemento do Servizo de Aduanas. Como había un mercante fondeado, coidamos que había algún problema con el. **Páx. 1**



## EUCALIPTOS NO BARRIO DE MELIDE

Parece que van seguir cortando eucaliptos enriba da praia de Melide. Seguimos pensando que tan necesario é cortalos como reforestar a zona. **Páx. 1**

## MOITAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PERDIDAS EN ONS

Non nos cansaremos de manifestar o noso malestar pola pouca axuda que reciben os veciños de Ons para poder acceder ás numerosas axudas que as distintas administración e mesmo dende Europa saen para poder rehabilitar casas, edificacións anexas, ...

Nese aspecto tanto a Consellería como o Concello de Bueu teñen moita culpa. **Páx. 2**




## DESPEDIDA DA TEMPADA

O Pirata, os artesáns e a 1ª Festa O Pescador, pechan o verán 2021. O Pescador fai unha homenaxe a Vilas, que durante moitos anos, despedían a tempada coa "Festa da Lonxa" en setembro. **Páx. 5**

## HemerONSteca

Un artigo sobre Stafan Mörling cando estaba a piques de entregar a imprenta o seu libro sobre As Embarcacións Tradicionais. **Páx. 3**



## EN BREVE

**Páx. 2:** Ons na Memoria. Unha das primeiras fotos aéreas dos anos 80.

**Páx. 2:** Saúdo a tres familias aunienses.

**Páx. 4:** A depuradora en Salgadoiro de Suxestións.

**Páx. 4:** Varu consegue que un camiño de Melide se mantenga limpo.

**Páx. 6:** O Gran Maquí atreveuse con Caretas e desafia aos volcáns de Islandia.

**Páx. 6:** Prometen arranxar o camiño ao buraco.

**Páx. 6:** Escavación do Castro dos Mouros.



## CENTRO DE VISITANTES (XII) Suxestións X – IDEAS SOBRE ACTIVIDADES (V)

Antes de dar remate a esta sección vou facer unhas suxestións sobre o aproveitamento dos espazos exteriores. *Foto: Parques.* **Páx. 4**





## DESPREGAMENTO DE ADUANAS NAS PROXIMIDADES DA ILLA DE ONS

O pasado venres día 10, cando nos dirixíamos á Illa de Ons, vimos fondeado un barco mercante e, case ao seu carón, o Petrel, varias lanchas pneumáticas e un helicóptero de Aduanas, ás que máis tarde sumouse outro de menor envergadura.

Coidamos que se trataba dalgún rexistro importante nese mercante, pero despois nos informaron que non, que estaban realizando unhas manobras.

Rematados os exercicios dirixíronse á Illa e nun dos restaurantes degustaron unhas saborosas tapas e foron acompañados por un dúo de gaiteros que se atopaban alí. Dáse a circunstancia que o restaurante é dun parente de Alex, que estivo embarcado no Petrel de cociñeiro, ao que non puideron saudar debido a que se atopaba traballando en terra.

## EUCALIPTOS NO BARRIO DE MELIDE

O tema das plantas invasoras e a eliminación de eucaliptos e acacias, xa o toquei en varios Onstopus e, dende Pineiróns, e numerosos Informes.

Estamos totalmente de acordo, sempre e cando os técnicos digan que esas especies sexan tan prexudiciais para o Parque, na eliminación e corta, pero, o que non acabamos de entender é o por que non se fan, paralelamente, repoboacións nas zonas arbóreas cortadas.

Recoñezo a miña ignorancia técnica sobre o tema, pero en Onstopus nº34, páx.3, no Salgadoiro de suxestións un lector informaba, con palabras dun enxeñeiro de montes, sobre o eucalipto e, entre outras cousas, dicía: “...os eucaliptos teñen a función de preparar a terra para as futuras plantacións de frondosas...”

Non sei se esas palabras son realmente correctas, porque, se o son, non entendo o por que, en máis de 10 anos que cortaron na parte norte de Melide un importante número de eucaliptos, aínda non plantaron alí nada, se é verdade que preparan o terreo para frondosas sería un lugar ideal.

O sábado 11 de setembro, dando unha volta por Melide, comprobei que fixeran un limpeza das árbores caídas ou cortadas, aínda que seguen crescendo a pasos de xigante máis eucaliptos. Tamén vimos o cartel de información (Foto dereita) que fala da necesidade de recuperación de hábitats costeiros e, comprobamos no mesmo cartel, que estas accións están financiadas con fondos FEDER.

Charlando posteriormente o tema, un compañeiro deu unha versión, que nun principio non comparto, pero que ten o seu aquel. Dixo: “*Eu coido que a administración está a presentar estas cortas e eliminación de plantas invasoras, só co fin de conseguir as subvencións europeas, pois se non fose así, non deixarían medrar os novos eucaliptos, buscarían unhas solucións máis drásticas coas plantas invasoras que nacen todos os anos nos mesmos sitios de onde as arrincaron os anos anteriores e intentarían repoboacións*”.

Aí queda a cuestión polo de agora.



**Foto arriba:** Zona de eucaliptal onde cortaron e había moitos caídos. Houbo unha limpeza.

**Foto esquerda:** Toda a zona arbórea de Melide. Eucalipto nun 95%. Se o cortan e non plantan, Melide queda sen árbores. Normal nun Parque Nacional? Páx. 1





## ONS NA MEMORIA

Unha das primeiras fotos aéreas que se realizaron dende helicóptero a mediados dos anos 80 s. XX, por o fotógrafo Miguel (Manzanitas). Nela podemos apreciar as escolas sen o arboredo, o peirao sen a ampliación, moitas terras que ían ser traballadas na primavera, a ampliación do camiño que partindo da casa de Sarita ía ata o lavadoiro da Entenza, o renovado camiño cara a Melide. A diferenza da arquitectura auniense, cunha zona alterada (Centro Cívico. Curro) e as demais casas sen sufrir modificacións. A baixada á praia de Area dos Cans sen necesidade de pasarela. Nos 90 viñeron os cambios, a administración non puxo os medios necesarios e houbo moitos cambios. Cada un poderá sacar as súas conclusións ao respecto.

## ONS: CANTAS AXUDAS PERDIDAS!!!

Ao longo deste case ano e medio de Onstopus, tocouse en varias ocasións o tema das axudas e subvencións que, dende diferentes organismos, danse para levar a cabo reformas, rehabilitacións,... Recordemos ARI, Parques Nacionais, corrrixir *feísmos*,..., e outras que se poden solicitar dende o Concello e que poderían ser aplicadas en Ons, aínda que sigan dicindo que non teñen competencias. Con respecto ás do ARI e a algunhas do Parque, os responsables veciñais falan da dificultade e problemática burocrática para poder solicitálas. Eu non o entendo ben e, dende logo, dende a As. Pineiróns, levamos solicitando á Consellería, a Parques e ao Concello que poñan todos os medios para axudar aos veciños á solicitude destas Axudas, pois será un motivo para que se realicen as rehabilitacións necesarias respectando, o máis que se poida, a arquitectura mariñeira auniense. É importante que tanto Concello como Parques teñan un estudo, o máis completo posible, das necesidades de cada vivenda da Illa e que estea a disposición de todo aquel que queira informarse.

## Las subvenciones para corregir los casos de feísmo alcanzan el medio millar en un año

Los alcaldes podrán pedir 25.000 euros para arreglar ahora edificios municipales

JUAN CAPLÁN SANTIBÁÑEZ

La voz

Han sido 450 intervenciones, un puñado de casas dentro del núcleo de extracción espontánea por todo el paisaje de Galicia, pero muy significativas porque permiten concluir que, cuando existe un estímulo económico público, los gallegos cuidan más de sus propiedades y del patrimonio visual común. Las subvenciones a particulares lanzadas por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda este mismo año para arreglar elementos puntuales de feísmo son habermas como pueden ser los tejados de fibrocemento o los muros sin recortar empiezan a dar sus frutos tras las primeras actuaciones. Así como hay líneas de ayudas autonómicas en el ámbito de la rehabilitación que no llegan a consumirse porque suponen un compromiso invertir por parte de los particulares bastante elevado, en este caso se han agotado los fondos en pocas semanas: un millón de euros inicialmente, a los que se sumaron otros 200.000 más para dar respuesta a todas las peticiones que cumplen con los requisitos. Cada subvención pública podía alcanzar un máximo de 3.000 euros, y cubría un 70 % del importe total de la intervención, y la tramitación era de lo más sencilla, por

que el promotor solo tenía que aportar un reportaje gráfico, una breve memoria explicativa indicando las propuestas alterativas y justificando y adjuntar un presupuesto. En total, se movilizaron 1,5 millones de euros que repercutieron en el paisaje, pero también en la revalorización de las propiedades.

**Lalio, un ejemplo**  
En el municipio ourensano de Lalio fueron 13 los vecinos que se adherían al plan de la Junta al ser una oportunidad para adecuar sus inmuebles (en las lalioses, algunos viejunos) y su aldea, de ahí que haya sido el lugar escogido por la consellería Anxo. Valquera para comprobar el impacto de un programa que tendrá continuidad en próximas fechas y que se verá ampliado con una nueva línea dotada con 800.000 euros que vendrá como destinatarios a los concellos.

El objetivo ahora será arreglar instalaciones municipales que presentan deficiencias en fachadas, cubiertas y cierras. En este caso, cada concello con menos de 20.000 habitantes podrá recibir un máximo de 25.000 euros, y asumir el coste del 30 % de la obra. Otra línea, con un máximo de 10.000 euros, se destinará a arreglar fuentes, hoteles, lavaderos públicos o palcos.



## REMATAMOS TEMPORADA

Estamos a final de temporada na Illa de Ons e non queremos deixala sen despedirnos ata o ano que vén de tres familias entrañables que nos acompañaron, ou non puideron estar entre nós, durante este verán.



Un forte saúdo a Benito que á súa idade é capaz de desembarcar e ir andando ata a súa casa auniense. E unha aperta grande, esperando a súa rápida recuperación, a Victoria e Avelino, sen esquecernos de Cesáreo e Gloria. **Ánimo!!!**



## Residente en Ons, estudia as embarcacións mariñeiras de Galicia e a figura de Pardo de Cela

O profesor Morling opina que o nacionalismo galego ten unha parecida orixen étnica á do de Suecia e países nórdicos

(R. Ledo/AGN)

Apaiado por Galicia, desde hai casi un cuarto de século, Staffan Morling, un etnólogo sueco, segue a se mergullar no noso patrimonio cultural. Para Staffan a cultura galega ten moitos rasgos en común coa da Bretaña francesa, Suecia e outros países nórdicos. Ademais, a quenencia a nosa terra reforzouse cando el casou aquí, cunha muller da Illa de Ons. Desde a súa chegada a Staffan segue a alimentar — co seu progresivo coñecemento de todo o noso — estas lapas que van aparecendo como un fogo inextinguible. Hoxe tense ben gañado o título de galego de adopción.

O profesor Morling especializouse no estudio das embarcacións. O seu libro "As embarcacións tradicionais de Galicia" recolle unha valiosa documentación sobre a nosa cultura, mariñeira no cerne. Asemade, entre as nosas embarcacións e as europeas, obsérvanse vestixios que apuntan a unha común e grande cultura atlántica. Este libro publicouse no Nadal de 1989, baixo os auspicios de Rodríguez Peña, daquela conselleiro de Pesca. Alí a dorna, a nosa embarcación por antonomasia, ocupa un bo número de páxinas de imprescindible lectura tanto para o lector neófito como para os estudiosos do noso patrimonio.

Estes días, o profesor Morling, pertencente a universidade sueca de Lund, está rematando un estudio etnolóxico sobre o nacionalismo galego, para contrastar nun congreso co caso doutros nacionalismos europeos. A súa intervención se formulará baixo o tema: "O emprego da historia para a construción dunha identidade étnica". Tomará como exemplo a figura de Pardo de Cela.

### Namorado do mar

Staffan Morling reside actualmente en Bueu. Desde a súa casa, o mar, sempre o mar, atrae a súa ollada co seu engado milenar. Aunque os seus primeiros traballos de campo sobre as embarcacións quedan xa ó lonxe — primeiros anos dos sesenta —, Staffan sente predilección pola Galicia mariñeira.

Desde entón moitas cousas cambiaron, aínda máis: algunhas teñen desaparecido. O caso daquela embarcación das rías altas, o trincado, xa non se pode ver nos portos galegos. Este estudioso conserva unha pequena maqueta, feita hai anos por un vello mariñeiro, Nicanor Pernas, de Cedeira, que navegou no derradeiro trincado, o "Villa de

Cedeira". Este afundiuse no ano 46. Esta copia, que mantén con rigor as proporcións co orixinal pódennos aproximar o que sería, na realidade, a embarcación. Para Staffan trátase dunha xoia e coma tal, gárdase con agarimo; só lle permite navegar preto das benignas costas que conforman os libros da súa biblioteca.

Entramos así co profesor Morling nas intimidades da cultura mariñeira galega. Fálanos da lancha de carga das rías altas, o trincado. Esta embarcación tiña unha eslora de 15 a 17 metros e unha manga de arredor dos 4 metros; era unha embarcación anacrónica polo seu complexo aparello. Podía desprazar entre 25 e 30 toneladas; e a 2 metros chegaba o puntal ou altura do casco. Para o investigador naval, segundo Morling, o engado desta embarcación reside en que compartía característi-

cas cun barco de carga bretón, da Bretaña francesa.

As similitudes chegan incluso, como nos descubre Staffan, as mesmas palabras: "Tilla", en galego, a cuberta da proa; e "Tilher", na Bretaña francesa. Ambas palabras proceden da islandesa "tilla", co significado de tabla da cuberta dun barco medieval. Outros elementos, que confirman estas similitudes, son as escoras, ou paus, que impiden que a lancha se tumbe sobre un costado cando baixa a marea. As escoras que aquí se empregan, por exemplo na ría de Arousa, son idénticas as da Bretaña francesa e Normandía. Outro rasgo que fala novamente deste curioso parentesco e a vara de portar (sostén a relinga de avance na vela).

Para este investigador naval, "isto constitúe unha proba

trimonio cultural — caso da gaita, ou mesmo da música galega —, sen se perder, tamén a dorna convén conservala. O papel moderno para a sobrevivencia pasa pola súa adaptación ás necesidades de hoxe; neste caso, adaptémolas para o deporte. Para o manexo da vela de relinga cómpre ter unha grande hebelencia. Eso si, sempre con chalecos salvavidas; remata con iste toque de humor o profesor. Cos bos resultados, fixéronse xa competicións de dornas con vela de relinga, a que mellor se cinque o vento mareiro.

### Orixe das dornas

As dornas teñen moito de escandinavas, asegúra Staffan Morling. Casco a tingladiño, esteo es, cos bordes das tablas superpostas; nunca levan cuadernas senón madei-

riqueza —, tivose que potenciar a construción naval inspirada nos modelos escandinavos e adaptada as nosas necesidades. Así, a mediados do século XI e principios do XII, xurdiu o primitivo modelo de dorna galega.


Staffan, un entusiasta de Galicia, tanto estudia as nosas embarcacións como busca a Galicia medieval a traveso das crónicas históricas de Vasco de Aponte, onde se relatan as andanzas de Pedro Madruga. Este incansable viaxeiro, percorre os castelos e mosteiros de Galicia no afán de reconstruír na súa mente os datos das súas lecturas coas pregadas vivas aínda nas improntas pétreas, a miúdo graníticas, do país.

O ano pasado presentou na universidade de Lund, Suecia, un traballo sobre o nacionalismo galego. Amosou nel que, no século XIX, o nacionalismo galego foi de idéntico desenvolvemento cós nacionalismos en Finlandia, Noruega, as Illas Féroo e Islandia. Agora, ven de ser invitado a tomar no XXVI congreso de etnólogos escandinavos, o próximo 17-20 de xullo, en Ystad, Suecia. A ponencia titúlase "O emprego da historia para a construción dunha identidade étnica".

Os nacionalistas galegos románticos apoáronse na figura de Pardo de Cela para crear unha identidade galega. Segundos Morling o descoñecemento do noso primeiro historiador, Benito Vicetto, levou a presentar o Mariscal como oposto o rei de Castela. Visión que retomou a xeración Nós e os promotores da autonomía do 36. O mariscal, Pedro Pardo de Cela, foi para eles "o mártir da redención de Galicia", "O caudillo da liberdade, cuxa cabeza caeu vítima da opresión e do centralismo do poder real, personificado nos Reis Católicos".

Historiadores como Mayán Fernández e Eduardo Xosé Pardo debuxaron outra posición, ben distinta, de Pedro Pardo de Cela. Ambos aportan documentos que presentan o Mariscal como protexido dos monarcas. Como proba: unha carta da raíña Isabel na que toma baixo a súa protección a Pardo de Cela. Na carta entrevese como, no ano 1480, o Mariscal temía pola súa vida, fruto do odio e malquerencia de algúns nobres galegos.

Staffan ten seguido os pasos desta figura ata o lugar da súa tráxica morte. Desde Viveiro, onde foi alcalde — 1464 — ata Mondoñedo, onde o decapitaron, diante do adro da catedral.



cas cun barco de carga bretón, da Bretaña francesa.

"Os barcos da Bretaña francesa mantiñan contactos directos con Galicia, a lo menos, desde o ano 1372. Consta, os documentos datados no ano 1456, que na Coruña se estableceran colonias de bretóns. Nos seus barcos transportaban, moi frecuentemente, sal para a industria pesqueira galega. Barcos pequenos, de reducida tripulación: só dous homes e un nenno. Así chegaban a internarse nas rías, ou mesmo nas marismas ou lagoas francesas para cargar o sal. Os testemuños gráficos da época, amosan características iguais ás dos noso trincado: a mesma roda, curva convexa; a popa pechada; e o mesmo aparello, pau tumbado sobre a popa e a vela de relinga. Elementos, todos, en común cos barcos franceses". E a diferenza en-

de que Galicia e a Bretaña francesa comparten unha mesma cultura mariñeira".

Aínda outra relación: é a que manteñan as embarcacións galegas cun barco europeo da Idade Media, a Coca. Esta embarcación, moi parecida á empregada por Colón para o descubrimento do Novo Mundo, serviu de modelo a outras. As súas características están presentes nesta derivación chamada a lancha de relinga, de Muros. Patrón éste que prevalecerá noutras sucesivas construcións: a boteira, o bote de Fisterra e Muros, o bote pelpeiro de Bueu, o bote xeiteiro de Baiona e A Garda, e maila buca.

Morling faise eco dunha curiosa iniciativa para manter estes elementos propios da nosa cultura. E así como ata hoxe chegaron outras heranzas dos eidos do noso pa-

ros separados; a roda feita en curva continuada desde o caperol ata a quilla; o fondo central en sección de oxiva invertida; ensambladura feita en corte oblicuo vertical; e o reforzo, de popa a proa, a nivel da liña de flotación. "Todo isto, afirma Morling, fai pensar que a dorna e de orixe escandinava". Orixe que se remonta, ó século XI, cando as revoltas normandas en Galicia.

Un conde danés, Galzui-Ulf, inxeriu entón nos asuntos galegos. Feitos como o asedio do castelo lucense de Labio por este danés, en 1032; amais do sitio da cidade de Tui polos normandos, trouxeron unha época turbulenta para Galicia, ó longo desta devastación, a economía galega veuse abaixo e para que se produxera a recuperación — entón era a pesca, especialmente a de captura da sardiña, unha fonte de

## CENTRO DE VISITANTES (XII)

### Suxestións X – IDEAS SOBRE ACTIVIDADES (V)

De novo non vou a dar remate a esta sección ata o próximo número, dedicándolle o espazo que coído necesita.

Aproveito esta pequena entrega para dar os meus parabéns a Paula Ballesteros pola Exposición “OnsSoa” que estivo exposta no Centro de Visitantes durante os meses de agosto e setembro.

Este tipo de exposicións, a carón de ser unha actividade interesante a realizar neste Centro, espero que sirva para que os responsables de Parques se fagan unha idea das posibilidades das salas existentes para este tipo de actividades que considero importantísimas para o bo funcionamento deste espazo.

Á vez tamén resultou moi satisfactoria a actividade, con motivo das Freguifestas, da Homenaxe ás Cantareiras de Ons no patio de recreo das antigas escolas, demostrando que é un espazo moi interesante e aproveitable para a realización de actos onde se require unha amplitude de espazo.


Os dous espazos exteriores do Centro serían dun gran valor para tarefas culturais de todo tipo, e máis aínda, se lle buscan un xeito de resgardalos das inclemencias meteorolóxicas con algún tipo de cuberta, fixa ou desmontable, que tape do sol ou da chuvia. Penso que no mercado hai un abano de carpas que se poderían adaptar perfectamente a eses patios, tanto en forma como en espazo e prezo.

Só dicir, para terminar, que este verán se realizaron unha boa cantidade de actividades que contaron cunha difusión aceptable.



Foto arriba: Exposición OnsSoa.

Foto abaixo: Actividades Parques en Ons. Foto Parque Nacional.



### SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

### DEPURADORAS DE ONS

No Onstopus nº 36, na súa páxina 1, tocabamos o tema das depuradoras de Ons despois de que o seu funcionamento non fora o adecuado e houbera verteduras que quedaron reflectidas na prensa e que trouxo un novo enfrontamento entre o concello de Bueu e a Consellería de M. Ambiente polo tema das competencias.

Un lector envía esta suxestión: “*Vaya por delante mi agradecimiento por tu labor de documentación y divulgación de la problemática de las zonas costeras del sur de Galicia.*”

*Los politiquillos que nos han tocado sufrir, hacen buenos a los que yo conocí en el pasado lejano. La elección de los sistemas de depuración se han realizado desde un despacho, al estilo más clásico del responsable ignorante.*

*Las depuradoras disponen de separadoras de materias para las que no están preparadas para su proceso. Estos se basan en la aireación u oxidación de la materia orgánica para acelerar su degradación biológica. ¿Cómo pueden pretender degradar y oxidar una grasa, mezclada con residuos fecales, animales y otros productos? ¿Emplearán detergentes inorgánicos que generen productos todavía más perjudiciales para la fauna? Los responsables, deberían de responder de los daños causados por los vertidos sin depurar ante los organismos y tribunales competentes.*

*Las grasas y aceites, así como el resto de los residuos generados, no procesables por las depuradoras convencionales, deben de ser separadas para su tratamiento independiente incluyendo su posible reciclaje.*

Aquí deixo esta suxestión para que técnicos e expertos teñan unha idea máis ao respecto e que, dende logo, se lle busque unha solución axeitada a este grave problema que dura dende o mesmo intre en que as puxeron a funcionar.



### DENDE A PRAIA DE CAMAWEY

Varu Camawey contaba a principios de verán como o pequeno sendeiro que dende a praia de Melide vai ata o antigo lavadoiro e a casa de Manolo (a máis ao norte da Illa), era o lugar elixido polos bañistas para facer as súas necesidades e deixar aquilo feito un verdadeiro asco, co esporeamento de todo tipo de elementos de limpeza íntima. Ocorrúselles decorar un tronco cunha visible consigna intentando evitar que iso ocorrera e, puido comprobar a finais deste mes de setembro, que fixera efecto.

Importante sempre este tipo de Educación Ambiental, que non debería facer falla, pero que hai que realizar, por desgraza.

# DESPEDIDA DO VERÁN 2021



Remata a tempada e xorden as despedidas. O Pirata, fiel á súa cita, invitou para celebralo a Raúl que acompañado dos seus músicos, amenizaron o día 11 a tarde-noite auniense cunha música suave. Un grupo de músicos, con gaita, tambor e saxo, deleitáronos o día 12 a despedida ao son de folclore galego, con baile incluído. O 18 e 19 o convite foi gastronómico. Organizado por Alex, celebrouse en Curro a “1ª Festa O Pescador”. Homenaxeando a Vilas.



**O GRAN MAQUI** Aquí temos ao noso Maqui en dúas instantáneas históricas. Á esquerda, como todo un John Wayne a lombos de Caretas, percorrendo os cantís da Illa de Ons. Na foto paseando polo sendeiro con vista á Enseada de Caniveleñas. A dereita, despois de abandonar Ons o 15 de setembro, tomou rumbo a outra illa, nada menos que a Islandia. Aquí o vemos, como nun cadro, posando a poucos metros dun dos volcáns islandeses. Ao día seguinte entrou en erupción o da Palma.





Agradecemos o ano pasado neste minixornal que Parques preparara unha das baixadas á praia de Canexol co fin de evitar que se utilizara a que está fronte a antiga reitoral e que provoca importantes danos na duna, que conta cunha vexetación singular. Pediamos daquela que se falara cos veciños do lugar para chegar a un acordo para valar e pechar esa baixada. Vemos que non se fixo e cada vez se deteriora máis esa duna, xa de por si, moi castigada noutros tempos.

### BAIXADA AO BURACO DO INFERNO

Informabamos no nº 34, despois de que unha turista caera preto do Buraco polo mal estado do camiño, que iamos a poñernos en contacto con Parques co fin de que coñeceran o estado dese sendeiro e ver o xeito de reparalo co fin de evitar algún mal maior.

Dende Parques nos confirmaron que a finais do mes de setembro intentarían solucionar ese atranco.

Esperemos que así o fagan e que na próxima tempada estea en bo estado, tendo en conta os numerosos turistas que o visitan.



### EXCAVACIÓN DO CASTRO DOS MOUROS

Cando estou a piques de rematar este número, recibo un wasapp no que me informan que están a realizar actuacións no Castro dos Mouros, en Canexol. Póñoome en contacto con Parques e confírmanme que si, que pasaran un xeoradar e a empresa contratada está a analizar os datos para entregalos aos arqueólogos e saber onde comezar a escavación.

Parece ser que xa están contratados traballos arqueolóxicos a realizar en todas as illas do Parque. Unha moi boa noticia que esperamos se leve a cabo.